

## OS LOBOS ATACAN OVELLAS EN MONFERO

Os lobos volveron baixar dos montes para saciar a súa fame. O luns, moi cedo, devoraron nove ovelas e deixaron malferida a unha décima. O veciño afectado polo último ataque dos lobos na comarca, e propietario das ovelas mortas, móstrase totalmente partidario da pervivencia dos lobos nos montes e ata entende como algo normal que «che falten de cando en vez dous ou tres crías, pero non dez». Tamén considera que «pode chegar a ser un problema que se acheguen tanto ás casas».

Cal sería a solución? Este veciño reclama, para empezar, máis apoio por parte da consellería, que é especialmente esixente cos trámites para solicitar axudas polos ataques. Así, os gandeiros deben demostrar que ovelas, cabras ou vacas foron devoradas polos lobos. Haberá que instalar cámaras de vixilancia no monte?

**A Voz de Galicia**  
**24 de febreiro 2011**

a) Onde ocorre o suceso que conta a noticia?

.....

b) Por que baixan do monte os lobos?

.....

c) Que fixeron no seu último ataque?

.....

d) Segundo o veciño afectado, que é o que pode chegar a ser un problema?

.....

.....

e) Completa esta frase:

Para solucionar o problema, o veciño reclama .....

.....

.....

f) Que deben demostrar os gandeiros para conseguir as axudas da consellería?

.....  
.....

g) Cal é o titular desta noticia?

.....